



RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE PRÁCTICAS REALIZADAS POLO ALUMNADO DA UDC

Expediente núm.: xxxxxxxxxxxxxx

Data de iniciación: 16/11/2022

Ref.: VCS/fcp

En referencia á Resolución da Comisión de Tansparencia de Galicia de 02/02/2023 sobre a solicitude de información formulada o 16/11/2022 por xxxxxxxxxxxxxx a través do Rexistro da Sede Electrónica da Universidade da Coruña en que solicita un arquivo reutilizable en formato CSV, ou Excel que inclúa información sobre as prácticas curriculares e extracurriculares realizadas polo alumnado da UDC, dende o ano 2014, ate a actualidade, no que consten as seguintes columnas/información: “género_alumno, código_RUCT, titulación_alumno, centro_alumno; entidade_empresa, tipo_entidad, horas_semanas, horas_totales, tipo_prácticas*2, créditos, ayuda_económica_mes, MesAño_ImnicioPrácticas, MesAño_FinPrácticas; información_publicación*1. *1.Información como podría ser:desarrollador de software, auxiliar de recursos humanos, etc. (información que describa la función a realizar) *2.Tipo prácticas: curricular, extracurricular o interna”, procede indicar que:

1. O artigo 18.1.c da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
2. A UDC non pode admitir a solicitude de información formulada por xxxxxxxxxxxxxx porque carece do arquivo indicado, e porque non dispón actualmente de medios técnicos suficientes para obter esa información. Isto supón que para confeccionar o mencionado arquivo precisariase dun novo tratamento de datos para extraer a información solicitada.
3. O 17/11/2022 a Secretaría Xeral da UDC informou por correo electrónico desta cuestión a xxxxxxxxxxxxxx, respondendo á petición que efectuou o 16/11/2022.
4. O 02/02/2023 a vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente, por delegación de competencias do reitor, informou sobre esta petición á Valedora do Pobo (expediente RSCTG 202/2022).



Polo que de conformidade con todo o indicado,

RESOLVO non admitir a trámite a solicitude de información sobre prácticas curriculares e extracurriculares realizadas polo alumnado da UDC, dende o ano 2014, ate a actualidade, formulada por xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx, por ser necesaria unha acción previa de reelaboración.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa e de conformidade co disposto no artigo 25.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e do artigo 122.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pode interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que contan a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución, na forma e nas condicións que están previstas no artigo 46 da mencionada Lei 29/1998, do 13 de xullo, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

A Coruña,

O reitor

P.D. (RR do 14/01/2020)

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx